

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A.
PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE 2023**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilagarcía de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración das Festas de San Roque 2023.

Vilagarcía celebrou a súa festa grande coincidindo coa festividade de San Roque. Durante a semana da onomástica a localidade acolleu multitude de actividades lúdicas, culturais, musicais e outras de índole máis relixiosa.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- O Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración das Festas de San Roque.

Vilagarcía celebra a súa festa grande coincidindo coa festividade de San Roque. Durante a semana da onomástica a localidade acolle a multitude de actividades lúdicas, culturais, musicais e outras de índole máis relixiosa, entre as que cabe destacar: o pregón, a animación das rúas, os concertos, as verbenas e o combate naval

O día 11 de agosto, na praza de Ravella, arrancan as festas coa lectura do pregón. Ao longo de tódolos días non faltará a animación das rúas mediante a actuación de diversos grupos de percusión, de música tradicional e compañías de artes escénicas, así como os concertos, xa que o concello segue a apoiar o tecido económico de Vilagarcía, que inclúe tamén aos artistas e músicos.

Actividades coma o Festiclow e o combate naval seguen a ser citas xa consolidadas na celebración das festas de San Roque



Esta festa, foi declarada de **Interese Turístico Nacional** no ano 2006.

Cuarto.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do márketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Quinto.- Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e



do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

